

# Anda o tempo revolto.

## Brétema.

Na beira do río da aldea, onde as árbores se miran nas augas, érguese un antigo mosteiro. Alí, entre muros de pedra fría e silencios antigos, nace esta historia.

Aquela mañá, a brétema cubría todo. Martiño, un rapaz de ollos inquedos que vivía no lugar, espertou cunha melodía suave na mente. Non era un soño, era un canto, un murmurio do monte, un laio harmonioso que non tiña unha letra que el puidera recoñecer; mais que lle facía tremer o corazón.

Guiado pola curiosidade, camiñou ata o mosteiro. Dentro, un grupo de monxes entoaban un canto profundo e pausado.

—É canto gregoriano, rapaz —murmurou un monxe ao velo entrar—. Aquí cantamos co corazón e sen instrumentos. Só escoitarás a nosa voz unida nunha soa liña melódica, unha monodía para buscar a Deus no silencio.

Martiño sentou no chan de pedra e escoitou. As voces fluían nunha lingua que non comprendía pero que lle soaba antiga e poderosa. Os monxes copiaban aquelas melodías con símbolos estraños chamados neumas.

Cando a última nota se perdeu no ar, Martiño saíu do mosteiro distinto. A brétema comezaba a levantarse. Aquelas voces eran eco dun tempo no que a música nacía do silencio, e o silencio era tamén música.



“Brétema”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons  
Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)

